



Carta do Santo Padre, Francisco, ao pobo de Deus

Papa Francisco

«Se un membro sofre, todos sofren con el» (1Cor 12, 26). Estas palabras de san Paulo resoan con forza no meu corazón ao constatar unha vez máis o sufrimento vivido por moitos menores por mor de abusos sexuais, de poder e de conciencia cometidos por un notable número de cregos e persoas consagradas. Un crime que xera fondas feridas de dor e impotencia; primeiramente na vítimas, pero tamén nos seus familiares e en toda a comunidade, sexan crentes ou non crentes. Ollando cara ao pasado, nunca será abondo o que se faga para pedir perdón e buscar reparar o dano causado. Ollando cara ao futuro, sempre será pouco todo o que se faga para xerar unha cultura capaz de evitar que estas situacións non só non se repitan, senón que non atopen espazos para ser encubertas e perpetuarse. A dor das vítimas e das súas familias é tamén a nosa dor, por iso urxe reafirmar unha vez máis o noso compromiso para garantir a protección dos menores e dos adultos en situación de vulnerabilidade.

1.- Se un membro sofre

Nos últimos días fíxose público un informe onde se detallaba o vivido por mil sobreviventes cando menos, vítimas do abuso sexual, de poder e de conciencia en mans de sacerdotes durante aproximadamente setenta anos. Aínda que se poida dicir que a maioría dos casos corresponden ao pasado, non obstante, co paso do tempo puidemos coñecer a dor de moitas das vítimas e constatamos que as feridas nunca desaparecen e obrígnanos a condenar con forza estas atrocidades, así como a unir esforzos para erradicar esta cultura de morte; as feridas «nunca prescriben». A dor destas vítimas é un xemido que clama ao ceo, que chega á alma e que durante